



MIRADORO DARÍA

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ



☛ Edita: Carlos Pereira Martínez

☛ Deseño e maquetación: nn

☛ Imprime: Tórculo

☛ A Coruña, decembro de 2001

☛ DL:

☛ Edición non venal. Agasallo do autor

Edición para a web: CNT - A Coruña, novembro 2009



MIRADOIRO DA RÍA

Artigos en *El Metropolitano* e

El Entorno Metropolitano

1999-2001

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ



Picea 4





DOUS NOIESES NA RÍA DO BURGO: ANXO SENRA E MANUEL ROMERO

Diciáme este verán o ilustrado escritor Xosé Agrelo, referíndose a Anxo Senra, que quedara na memoria dos noiezes que este chegara a ser ialcalde da Coruña! A admiración que percibín nas súas palabras fíxome comprender o que isto representaba nesa vila que coñecín da man do desaparecido amigo Ramón Blanco Rey –co que compartín o amor ao teatro en Vilaboa, no grupo “Maiolongo”- e na cal, paradoxas da vida, sei agora que residiron, en tempos baixomedievais, devanceiros meus.

As biografías de Anxo Senra Fernández e Manuel Romero Castro gardan certas semellanzas. Nacidos en terras de Noia (1860 e 1943 respectivamente), cun século de diferenza apousentáronse nos territorios da Ría do Burgo. Senra, orfo aos nove anos, botarase aos camiños como aprendiz de zapateiro. Recalará no Burgo xa mozo, instalando aquí o seu primeiro obradoiro independente. Casará coa fermosa panadeira Xoana Eiroa Blanco, nacendo tamén a parroquia a súa filla primoxénita María Consuelo. Logo de instalar outro taller no Portádego, chegará á Coruña. Gracias á súa vontade e perseveranza, erguerá a máis importante fábrica de calzado de España na súa época, preto da actual estación do ferrocarril, inaugurada en 1923. “Calzados Senra”, na que traballaban preto de 300 operarios que producían 1000 pares de zapatos diarios, foi unha industria modélica. Ademais da espaciosa e iluminada nave, Senra construiu vivendas para os obreiros, comedores, escolas... O seu calzado vendíase

DOUS NOIESES NA RÍA DO BURGO:
ANXO SENRA E MANUEL ROMERO

nos máis afamados establecementos de España, así como en Arxentina ou Cuba. Republicano e demócrata, foi concelleiro en 1899-1903 e 1º tenente de alcalde en 1922. O 14 de abril de 1931, coa proclamación da República, ocuparía o cargo de gobernador civil interino, sendo elixido o 17 de abril, por aclamación, o primeiro alcalde da II República na Coruña. Foi tamén vocal, e dende 1924 vicepresidente 1º, da “Cámara de Comercio”, presidente da sociedade “Seguros Mutuos de Incendios”, copropietario do “Atlantic Hotel” e destacado membro do “Rotary Club”. Non esqueceu, sen embargo, as súas humildes orixes, e a modestia, a honradez e a afabilidade caracterizaron a súa personalidade.



Páxina 6

Manuel Romero quedou orfo tamén a idade moi temperá. Logo de tristes estadias en varios orfanatos, casa e emigra a Londres, onde traballará na hostelería. A afección á pintura levarao a deixalo todo, en plena madurez, para estudar arte. Farán primeiro estudos preuniversitarios en Artes, logo a licenciatura na “Kingston Polytechnic” (na que sería, co tempo, profesor) e posteriormente o máster en Belas Artes no prestixioso “Royal College of Arts”.

Fundará a “Blasón Gallery”, será director artístico da afamada “Bruton St. Gallery”, creador dos encontros internacionais “Fleur” de estudantes universitarios de Artes, comisario de importantísimas exposicións en Londres, medalla de ouro das embaixadas hispanoamericanas en Londres polo seu papel a prol da arte e da cultura. As súas exposicións individuais puideron admirarse en París, Tokio, Chicago ou Londres. No cumio do seu éxito vense para A Coruña, onde reside, e instala o seu estudio no Temple, na beira da Ría do Burgo. En tan relevante artista destacan, sen embargo, a súa humildade e agradable trato, cualidades pouco frecuentes no mundo de vaidade da arte.

Senra, Romero, dúas extraordinarias traxectorias. Partindo

da escala máis baixa da sociedade, estes noieses acadaron, co seu esforzo, chegar ao máis alto nas súas respectivas profesións. E os dous, por casualidades do destino, vencelláronse con esta Ría, algo que debemos celebrar.

[*El Metropolitano*, nº 10, outubro de 1999]



MULLERES DE CULLEREDO: AMPARO LÓPEZ JEAN

Hai algún tempo que decidín, como historiador, prestarlle unha especial atención ao período da Segunda República. E tentar, na medida das miñas posibilidades, rescatar da desmemoria a homes e mulleres sepultados nos abismos de catro décadas de dictadura. A Segunda República, a pesares dalgúns erros, representou un avance extraordinario en todos os ámbitos: ensino, cultura, dereitos dos traballadores, reforma agraria... Non sei se o saben pero, por exemplo, foi na época republicana cando as mulleres, por primeira vez na historia de España, puideron exercer o seu voto. Foi o froito de decenios de reivindicación e loita das mulleres: unha destas, natural de Culleredo, foi Rita Amparo López Jean.

Naceu en Vilaboa (Culleredo) o 30 de outubro de 1885. Era filla de Adela Jean Toca, mestra nesa localidade, e do seu segundo marido, o exconcelleiro cullerdense Sabino María López. Debido á profesión da nai, logo se trasladarían á Coruña.

Foron Amparo, e Isabel Martínez Morás, das primeiras mulleres que cursaron o bacharelato na Coruña. Estudiu

tamén canto e piano co músico coruñés José Baldomir, actuando en festivais benéficos. Fixo estudos de pintura co profesor, e excelente pintor e gravador, Máximo Ramos, tendo como condiscípulo, entre outros, a Abelenda.

Estudou para mestra, exercendo, coa súa nai, na escola da Estación, na Coruña.

Pertenceu á Irmandade da Fala coruñesa e militou no Partido Galeguista, no que ingresaría o 6 de maio de 1935, colaborando economicamente nas campañas. Foi primeiro secretaria e, a partir de 1934, presidenta da Agrupación Republicana Femenina da Coruña, grupo que desenvolveu un importantísimo labor a prol da muller.



Páxina 8

Casou co xornalista e político republicano César Alvajar Diéguez, co que tivo cinco fillos: Amparo, María Teresa, Ana María e Francisco Javier; o outro, Agustín, faleceu a idade moi temperá.

Acompañou ao seu home, César, a Soria, cando este ocupou o cargo de gobernador civil a principios de 1936, despois do triunfo da Fronte Popular. Durante a Guerra Civil foi secretaria xeral, en Barcelona, do Grupo de Mulleres Galeguistas, e vocal do Comité Executivo do Partido Galeguista, que presidía Ramón Suárez Picallo, colaborando nos comités de axuda aos soldados galegos na fronte de batalla, e ocupándose de grupos de nenos, mesmo logo de iniciar o seu exilio en Francia.

Faleceu no exilio francés, en Montauban, o 12 de outubro de 1942, sendo soterrada, nun primeiro momento, moi preto da tumba de Manuel Azaña. Máis tarde, por iniciativa da súa filla Amparo, e polas xestións de Francisco Javier, o seu fillo, os seus restos trasladáronse a París, para repousaren xunto cos de César Alvalar, no cemiterio parisino de Bagieu.

Os seus fillos sufrirían tamén a dureza do exilio: Amparo,

falecida recentemente en Portugal, estivo casada co escritor Arturo Cuadrado e foi colaboradora de Casares Quiroga, formando parte dos Servicios Secretos de Información do Ministerio de Gobernación, exiliándose primeiro na Arxentina e residindo máis tarde en París e noutros lugares de Europa, como Suíza, onde traballou na representación de Nacións Unidas. Traductora, prologuista e dramaturga, escribiu, en colaboración con A. Caballero, obras como *El balcón de los Lester* ou *Amada y tú*.

María Teresa foi detida, con só 16 anos, acusada de pertencer ao S.I.M. (Servicio de Investigación Militar) republicano; reside na actualidade en Madrid.

Ana María sufriu tamén o exilio. Reside en Madrid. Publicou en Ediciós do Castro un libro de poemas, *Vivencias*.

Francisco Javier, logo de numerosas peripecias durante a Guerra Civil e na primeira posguerra, na que estivo preso, exiliouse en Francia, sendo delegado do Consello de Galiza en Europa e secretario do Ministerio de Información, Propaganda e Arquivos do goberno republicano no exilio; ao seu regreso, lago da morte do dictador Franco, sería elixido alcalde de Carral polo PSdeG-PSOE en 1983. Foi un destacado membro da masonería. Faleceu hai poucos anos.

[*El Metropolitano*, 11, novembro de 1999]



RAMÓN MASEDA REINANTE

Ramón Maseda Reinante naceu en Ribadeo o 29 de abril de 1880. Casado con Esperanza García Iglesias, vivía en

Campo de Marte, 22, na Coruña.

Fora oficial de Oficinas Militares, estando, no tempo da II República, retirado.

Ecologista do momento, foi directivo, ocupando o cargo de bibliotecario, da sociedade excursionista «Los Amantes del Campo», que percorría moitos lugares da provincia, visitando tanto monumentos como explotacións agrícolas, etc., léndose en moitas ocasións traballos de materia agropecuaria da autoría de Rof Carballo e outros investigadores. En varias ocasións «Los Amantes del Campo», presididos polo coronel, veterano da guerra de Cuba, Manuel Insua, visitaron diversos lugares de Culleredo, entre eles a propia finca que Maseda posuía na Corveira (Rutis), dedicada á apicultura e ás árbores frutais. Nesta herdade construíra Ramón Maseda unha casa, na que pasaba as fins de semana e o período estival, mantendo moitos contactos coas forzas progresistas cullerenses.



Páxina 10

Foi tamén directivo provincial da «Liga de los Derechos del Hombre», da cal formaban parte destacados persoeiros republicanos coruñeses; sería secretario, por exemplo, en 1936, compartindo directiva con outras persoas vencelladas a Culleredo (César Alvajar Diéguez, de Unión Republicana, o presidente, casado coa cullerense Amparo López Jean, Jesús Mejuto Vázquez, dirixente de Unión Republicana, que fora mestre en Celas e Sésamo, e Gumersindo Pereira Nouche, membro de Izquierda Republicana, o empresario do Teatro Rosalía e outros cines, que tiña casa na Acea de Ama (na cal falecera, en 1926, Alejandro Pérez Lugín).

En 1934 Maseda presidirá a histórica sociedade cultural «Antorcha Galaica del Libre Pensamiento». Volverá facelo en 1936, con Jesús Mejuto de secretario. Tamén foi socio de «Germinal», sociedade cultural de inspiración anarquista.

En 1935 foi elixido presidente da Agrupación Socialista da Coruña. Como tal, participaría na reorganización do partido, logo da represión posterior á Revolución de Asturias de outubro de 1934. Como tal presidente, formou parte do Comité da Fronte Popular, participando como orador en numerosos actos públicos, tanto na campaña das eleccións xerais de febreiro de 1936 como na do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galiza de xuño dese mesmo ano. Foi así mesmo un dos compromisarios elixidos, na provincia da Coruña, para a elección de Presidente da República, logo da destitución de Niceto Alcalá Zamora; elección na que resultaría designado Manuel Azaña.

Maseda foi un grande loitador social. Foi promotor do que resultou o Campo de Marte actual e un importante núcleo de vivendas populares ao seu arredor. Toda aquela zona, na que vivía o propio Maseda, estaba habitada por xentes de extracción popular. Impulsou tamén a cooperativa «Ciudad Satélite», igualmente de vivendas para obreiros, pero non se chegou a construír.

A sublevación fascista de xullo de 1936 colleuno pasando o verán na Corveira. Como nos conta Luís Lamela, a pouco de térense noticias da sublevación, un autobús da Empresa Ferreño partiría das inmediacións da Casa do Pobo de Vilaboa (instalada na rectoral), en dirección á Coruña. Viaxaban no vehículo cinco pasaxeiros; entre eles, Eladio Freire, dirixente comunista de Vilaboa e Ramón Maseda Reinante. Horas máis tarde, regresaría o autobús, ao mesmo lugar, cos dous políticos mencionados, ademais de Joaquín Rey Blanco e José Muíños. Un veciño próximo ao lugar, logo do triunfo da rebelión militar franquista, presentárase ás novas autoridades militares denunciando que naquela noite, e naquela viaxe, os reseñados descargaran do vehículo diversos fusís e escopetas, que introduciran na sede sindical daquela localidade. Nada se chegaría a probar. Finalmente a denuncia, se-



gundo as conclusións do xuíz instructor, foi considerada falsa. Detrás de todo quizais se agachasen os intereses do denunciante, o tristemente célebre falanxista Manuel García Debén, contra o transportista e a súa empresa:

«Como el denunciante dice en su declaración que explota una línea de automóviles en el mismo trayecto que los últimos citados, su declaración hay que ponerla en entredicho, a pesar del buen efecto que produjo al Juzgado; pero sin un testigo más que avalara estas manifestaciones pareció al que suscribe poca prueba para acordar el procesamiento de los mismos».



Página 12

Maseda formaría parte do Comité de Defensa da República, co gobernador civil, Francisco Pérez Carballo, José García (Xuventudes Socialistas Unificadas), José Moreno Torres, secretario da Confederación Rexional Galaica da C.N.T., Francisco Mazariegos Martínez (da U.X.T. coruñesa), Alfredo Suárez Ferrín, alcalde da cidade e membro de Unión Republicana, Eladio Muíños Paz, da Confederación Nacional do Traballo (C.N.T.), Jacinto Méndez Esporín, da Federación Anarquista Ibérica (F.A.I.), Manuel Fernández Fernández, do Partido Sindicalista, Nicolás Torres, do Partido Comunista, Plácido Ramón Castro, dirixente do Partido Galeguista, Manuel Guzmán García, de Izquierda Republicana e Luis Vidal, das xuventudes de I.R. Tentan primeiro controlar a situación, pero acabarán sendo detidos polas forzas sublevadas, logo do ataque ao edificio governativo, o 20 de xullo de 1936.

Maseda ingresa, despois de pasar polo Cuartel de Infantería de Atocha, na Prisión Provincial coruñesa en réxime de incomunicado, que perduraría ata o 1 de agosto, no que pasou a disposición do Delegado de Orde Público, o tenente coronel da Garda Civil Florentino González

Vallés.

Foi fusilado o día 31 de agosto de 1936.

Recentemente, no Campo de Marte da Coruña colocouse unha placa conmemorativa.

[*El Metropolitano*, nº 12, decembro de 1999]



JESÚS MEJUTO VÁZQUEZ, UN MESTRE

Naceu na Coruña en 1888. Era fillo do industrial de orixe melidense Roberto Meiuto Sánchez e de Francisca Vázquez Amado, natural de Betanzos. Compuñan o resto da familia, que saibamos, os seus irmáns María, Antonio, José, Roberto, Manuel, Carlos e Obdulía.

Mestre de profesión, chegou a Culleredo en 1921, deixando a praza que tiña en Carral para ocupar a de Celas; un ano despois, instalárase na escola do Casal, en Sésamo.

Na súa estadía nesta escola destacou polas súas calidades pedagóxicas, deseñando mobiliario para a escola, participando no Congreso Pedagóxico celebrado na Coruña en 1926, sendo, en varias ocasións, presidente ou directivo da sociedade «Pro-Cultura» de Celas de Peiro, que contribuíra a fundar, encargándose da Biblioteca Circulante de Sésamo e amosando as súas conviccións democráticas cando se enfrontou, con outros mestres, ao exalcalde primorriverista, o médico Augusto Seijas Santiso, promotor da “Unión Patriótica”.

A comezos de 1931 pide a excedencia, abandonando Sésamo. Pouco despois, en 1932, é nomeado director do xornal



«El Noroeste», neste momento órgano do «Partido Republicano Radical-Socialista», no que militaba. Probablemente polas súas relacións con Culleredo fúndase en xaneiro de 1932 a «Alianza de Labradores de Culleredo», -relacionada co PRR-S-, na que participan, entre outros, estreitos colaboradores de Jesús, como Manuel Fariña Campelo ou o mestre de Celas Enrique Iglesias, e unha propia sección local do Partido Radical Socialista, da que pouco sabemos.

En 1933 encontrámolo como mestre da escola do Asilo municipal da Coruña. Membro da «Agrupación a la Tercera República», realiza neste período un activo traballo na política local e provincial, sendo candidato independente a deputado nas eleccións de 1933, formando parte despois do «Partido Republicano Radical-Demócrata», un dos que daría lugar ao nacemento de «Unión Republicana» (presididos ambos os dous por Diego Martínez Barrio, presidente das Cortes, do Consello de Ministros, e da República -xa no exilio, onde faleceu en 1962- os restos do cal veñen de soterrarse en Sevilla o pasado día 16 de xaneiro), da que chegaría a ser un dos máximos dirixentes galegos. Nestas datas, 1935, colabora coa revista compostelá «S.E.R. Semanario Gallego de Izquierdas», que dirixía o galeguista Ramón Suárez Picallo. Foi tamén directivo provincial da «Liga de los Derechos del Hombre» (con outros destacados republicanos coruñeses, como César Alvajar ou Ramón Maseda), da veterana sociedade coruñesa «Antorcha Galaica del Librepensamiento» e do sindicato de mestres na «Asociación de Trabajadores de la Enseñanza» (ATE), afecto á FETE-UGT, da que tamén era directivo o xa citado mestre de Celas Enrique Iglesias.

Membro da masonería, adoptou como nome simbólico o de *Voluntad*. Foi secretario da loxa coruñesa «Pensamiento y Acción n^o 11, á que pertencían destacados persoeiros coruñeses como José Miñones, César Alvajar, Domingo

Quiroga, José García Ramos, Arturo Taracido ou Salvador Etcheverría.

Iniciada a sublevación militar de xullo de 1936, Mejuto diríxese ao seu domicilio, sito na rúa coruñesa de Santo Andrés. Alí, a porteira avísao de que o foran buscar os falanxistas, aconsellándolle que marchase, pero el manifestoulle que tiña que subir para recoller uns papeis (pénsase que eran os que podían comprometer aos compañeiros masóns). Acóchase posteriormente na casa de Baldomir -casado cunha das súas irmás-, na zona da Pasaxe-Fonteculler; tamén a este lugar se achegan os falanxistas. Consigue esquivalos fuxindo cara A Corveira, na zona que se coñece popularmente como Monte de Ferrín, lugar onde posuía unha residencia o seu cuñado, o monárquico Pedro Antonio Lage Lodos -home dunha irmá da muller de Mejuto-; casa atendida neses momentos por uns caseiros. Mentres, o seu fillo Fernando amaíña a fuxida por mar, falando co capitán dun barco ao que entregan practicamente todo o diñeiro que tiñan. Algún investigador afirma que se lle concedeu pasaporte en setembro de 1936.

Mejuto abandona Galiza e chega a Cuba, pero ao pouco tempo regresa a Europa, instalándose en Francia. Coa ocupación nazi do país veciño, e a instauración do réxime colaboracionista de Vichy, os republicanos españois foron confinados en campos de concentración, en durísimas condicións. Mejuto, ante esta perspectiva, tomou a decisión de regresar; prefería, de morrer, facelo na súa terra e non en Francia. Atravesa a pé os Pirineos, no medio de bombardeos, e chega a Girona. Desde alí puido poñerse en contacto coa familia, índoo buscar, nun camión de peixe, o seu xenro José Ibarrola -casado coa súa filla Amparo, falecida o pasado ano, e propietario dun pazo en Montrove-. Sen contratemplos salientables conseguen chegar á Coruña, e nesta cidade permanecerá Mejuto, acochado -como tantos outros “topos»- sete anos, sen que



nin sequera os seus netos soubesen da súa presenza. Tan longo período de clausura provocoulle problemas de circulación sanguínea, polo que houbo que amputarlle unha perna.

[*El Metropolitano*, nº 13, febreiro de 2000]



DÚAS ENTIDADES RELACIONADAS CON CULLEREDO: A AGRUPACIÓN REPUBLICANA FEMENINA E A AGRU- PACIÓN A LA TERCERA REPÚBLICA

En artigos anteriores, falamos das figuras de Amparo López Jeán, do seu home César Alvajar ou do mestre Jesús Mejuto Vázquez. Ambos os tres xogarían un importantísimo papel na vida social e política coruñesa. Como mostra, comentaremos brevemente a actividade de dúas Agrupacións que contribuíron a dinamizar durante a Segunda República.

A Agrupación «A la Tercera República» constituíuse na Coruña o 12 de agosto de 1932. A idea inicial era crear un Frente Unico Republicano, pero a repulsa á sublevación do xeneral Sanjurjo, o 10 de agosto de 1932, provocou o seu urxente nacemento co novo nome. O comité organizador agrupaba a membros como Jesús Mejuto -director de «El Noroeste»-, Julio Suárez Ferrín -concelleiro do PRR-S-, César Alvajar -presidente do Casino Republicano e dirixente do PRR-, José García Fernández -concelleiro do mesmo partido-, José María Eirís, José Búa Carou, Eduardo Paredes, Alfredo Suárez Ferrín, Gonzalo

lo Acosta Pan, Luís Pérez e José Arias, todos do PRR-S ou do PRR.

A Agrupación caracterizábase polo seu radicalismo político, defensa da democracia, laicismo e desexo de neutralizar politicamente o Exército. Preséntanse o 24 de agosto de 1932: «A Agrupación -dicían- vén ser un estímulo para os gobernos na súa obra política e social de avance, ó fin de substituír a revolución que nunca existiu cunha acción cidadá constante e enérxica que convirta a II República, tímida e feble, na III República asistida polo pobo e amada por el». Partidarios da acción directa, viñan de aprobar un plano de vixilancia e alarma para defenderen as institucións republicanas -idea sustentada en España polo PRR-S-.

Pero os fins primixenios da Agrupación quedaron esluídos polo papel xogado polo asunto da capitalidade no borrador do Estatuto de Autonomía que se elabora en Santiago no segundo semestre do ano. A posibilidade de que A Coruña perdese o protagonismo político fixo que o grupo de «El Noroeste», en desacordo coa orientación do comité galego do seu partido, o Radical-Socialista, e os membros do Partido Radical presentes na Agrupación, a utilizasen para favorecer a política do Partido Radical, enfrontado coa ORGA. Artellouse unha campaña de mobilización na Coruña, baseada en que Compostela pretendía disputar a capitalidade da futura Rexión Autónoma á Coruña, «a quen pertence por dereito propio, pola súa tradición liberal e democrática», afirmaban. Publicaron varios manifestos, nos cales salientaban os «vicios de procedemento» que aqueixaban á convocatoria da asemblea rexional, criticando a ausencia de representación nela de varias corporacións e entidades públicas.

Conseguiron que o Concello coruñés se pronunciase a prol de que na asemblea de Concellos non se tratase a cuestión da capitalidade. O representante do concello (o al-



calde Iglesias Corral) traslada ese pronunciamento á comisión redactora, producíndose logo a retirada da representación da Coruña, que estivo a piques de facer fracasar a asemblea. «A la Tercera República» continuou coa súa campaña «autonomista en contra do Estatuto», cada vez máis radicalizada contra o nacionalismo, conseguindo os votos desaprobatorios dos concellos da Coruña, Vigo, Lugo e Mondoñedo e o da Cámara de Comercio de Vigo. Os membros de «El Noroeste», e os concelleiros do PRR-S na Coruña foron desautorizados polo partido. O 3 de setembro de 1933 celebraron o seu derradeiro mitin, protestando outra volta contra o «Estatuto caciquil» e o decreto de plebiscitación.



Páxina 18

A «Agrupación Femenina Republicana» foi fundada na Coruña o 9 de abril de 1933, previa disolución, ese mesmo día, do subcomité coruñés da denominada “Liga Internacional de Muires Ibéricas e Hispano-Americanas y Cruzada de Muires Españolas”, que se creara o 7 de xullo de 1932. Acollía a mulleres pertencentes tanto á burguesía ilustrada coruñesa, a maioría delas casadas con destacados republicanos da cidade (como Manuel Insua, Alfredo Somoza -presidente da Deputación Provincial-, Jesús Mejuto, Arturo Taracido, etc.), como obreiras. Presidida inicialmente por Elvira Bao de Varela, era secretaria Amparo López Jean, que sería a máxima dirixente da organización a partir de 1934.

Nos seus estatutos, aparecen como finalidades da Agrupación «contribuír por todo medio lícito ao triunfo da paz e fraternidade humana, da xustiza social e da democracia, defender o réxime republicano, defender os dereitos femininos dese momento e traballar polos non recoñecidos aínda, impulsar a cultura, especialmente a feminina, practicar a beneficencia e a asistencia social, procurar lecer ás asociadas, etc.». A Agrupación declara que non estará afiliada a ningún partido político «pero actuará con tendencia francamente democrática, sen

chegar xamais ao extremismo. As asociadas quedan en completa liberdade para a súa actuación política particular».

Con esta fin, organizan charlas e conferencias co obxectivo de incentivar o papel da muller na sociedade; destacado foi o pronunciado pola célebre pedagoga María Barbeito Cerviño, o 19 de maio de 1934, baixo o título *La mujer antes, ahora y después*, na que combatía as teorías minusvaloradoras da intelixencia da muller, facendo unha alegación a prol do papel que esta tiña que desenvolver, e reclamando os dereitos que aínda non tiña. Pronunciar esta conferencia será unha das acusacións que se lle fagan a esta mestra coruñesa no expediente de depuración que se lle abre, logo do triunfo da sublevación fascista, en 1937.

A Agrupación Femenina Republicana relacionaríase con outras entidades políticas e sociais; por exemplo, participa no Comité Organizador de «La semana del niño» en 1935, con mulleres do PCE, XXSS, IR, PG (a propia Amparo López Jean) ou Fábrica de Tabacos.

[*El Metropolitano*, 14, marzo de 2000]



SEBASTIANA VITALES: UNHA MULLER LIBERTARIA.

Durante a Segunda República, os anarcosindicalistas galegos estableceron, con epicentro en San Pedro de Nós, unha Federación Comarcal que englobaba aos sindicatos agra-

rios, de orientación cenetista, de Culleredo, Cambre, Oleiros e Carral, e que contaba, no ano 1932, con 1600 afiliados, moitos deles mulleres.

Ademais de soste varias loitas –das que falaremos noutra ocasión- en moitas ocasións dirixentes cenetistas coruñeses desprázanse aos territorios da Ría do Burgo para pronunciar diversas conferencias. Nas informacións publicadas na prensa anarquista sempre se destaca a participación das mulleres. Así, Xosé Villaverde, máximo dirixente da CNT galega, fala en San Pedro de Nós, o domingo 29 de novembro de 1931, sobre “El caciquismo y la redención agraria”:



“O acto foi solemne. Homes e mulleres acudiron ansiosos para oír como os traballadores da cidade se achegan aos irmáns do campo para estreitar os lazos de confraternidade”. Noutro mitin da Comarcal de San Pedro de Nos, celebrado o 19 de marzo de 1933, falaron Hermida, Méndez, Sendón e Moreno:

“Os camaradas que dirixiron a palabra ao numeroso público, no que se distinguían infndas irmanciñas obreiras..”.

No local do Centro de Estudos Sociais “Luz y Vida” de Elviña (A Coruña), celébrase unha conferencia sobre cultura libertaria, no que interveñen os dirixentes do Sindicato de Petróleos da Coruña Ernesto Santiso (que vivía en Vilaboa, onde era presidente do Ateneo de Rutis) e E. Blanco:

“Ás oito da tarde o local estaba ategado de homes e mulleres desexosos de oír a voz dos seus irmáns do povo, que representaban á Confederación Rexional Galaica”.

As mulleres libertarias vencelladas á Federación Anarquista Ibérica (F.A.I.) acabarán por crearen, en Galiza, a denominada Vanguardia Femenina (ou tamén Vanguardia Libertaria). Temos referencia dunha xuntanza celebrada o 19 de setembro de 1934 na Coruña, en Federico Ta-

pia, 79; a secretaria do grupo prega a todas as compañeiras que sexan puntuais.

Desplegarán gran actividade nos anos 1935-1936, destacando a figura de Sebastiana Vitales.

Sebastiana Vitales formárase en Estados Unidos, regresando á Coruña en 1933. Neste ano xa publica en “Solidaridad Obrera” un artigo de apoio aos obreiros da Construcción da Coruña, que sostiñan unha longuíssima folga -duraría varios meses- a prol da xornada de seis horas.

A finais de 1935 vén a Galiza a célebre dirixente anarquista Federica Montseny (que habería de ser, durante a Guerra Civil, a primeira muller ministro (en concreto de Sanidade) da Historia de España. Federica, que publicará en Barcelona, en “La Revista Blanca”, unha crónica desta viaxe, fai algúns comentarios eloxiosos sobre Sebastiana Vitales.

No primeiro semestre de 1936 vemos a Sebastiana participando en varios actos; entre eles, podemos salienta a súa intervención nun mitin de significación libertaria, contra a guerra e a pena de morte, celebrado en Sada o 12 de xaneiro, compartindo estrado con Xosé Moreno, Manuel Amil e Xaime Baella. Días despois, o 24 de xaneiro, convidada polo Centro de Estudios Sociales «Luz y Vida» de Elviña, participará nun mitin, contra a pena de morte e a guerra, no Salón-Baile do Birloque, acto no que así mesmo interveñen Luís G. Rey e Antonio Prenas.

O 18 de abril fala en Mera (Oleiros) nun mitin convocado polo “Sindicato de Pescadores y Profesionales Varias” da localidade, compartindo estrado con Xoán Hermida, Bregua e Campos. Da intervención de Sebastiana podemos reseñar:

“Chamou ás mulleres, na súa comprensión de nais, a defender aos seus fillos, explicándolles que o capitalismo fomenta o paro obreiro, para despois mandalos a asinar nlos campos



de batalla. Explicóuselles o que ten feito a relixión para mantelas reducidas á máis cruel das escravitudes; exhortounas a que non sexan o contén posto ás ansias liberatrices dos seus compañeiros, irmáns e fillos”.

O domingo 26 de abril de 1936 fala nun mitin en San Pedro de Nós, con Santiso e Baella. Os oradores “...analizaron os problemas de organización, sinalando ás mulleres o camiño do deber, dicíndolles que polo ben dos seus fillos, non deben ser atranco no camiño das loitas dos seus propios compañeiros..”.

Intervén tamén no acto celebrado na praza de touros coruñesa o 1º de maio de 1936, organizado por «Brazo y Cerebro» (revista anarquista coruñesa), no que disertan Xosé González, Antonio Fernández (das Xuventudes Libertarias), Alexandre Hernández, Xoán Expósito, Fournaroski e Sebastiana Vitales.



Expósito di, entre outras cousas, que “..España é unha femia castiza que, ou a facemos parir os anarquistas, ou aborta. O embarazo que lle impide moverse con liberdade non pode prolongarse por máis tempo. Salvánda salvaremos as ideas. Non esperemos a que o contacto da podredume estatal lacere o corpo virxe dunha humanidade que se ergue refulxinte de gloria barrendo do orbe da terra todo canto dificulta o noso desenvolvemento social e humano..”.

Fournaroski, de “Brazo y Cerebro”, “...enxalzou o valor das mulleres coruñesas que loitan afanosamente a carón dos seus compañeiros por unha sociedade onde non teñamos que agardar a que o guarda nos dea abrigo cando teñamos frío ou pan cando nos acucie a fame.... Termina facendo un chamamento aos traballadores da Coruña, especialmente ás mulleres, sobre a necesidade de ir pensando no porvir coa alteza de miras coa que o fixeron os mártires de Chicago..”.

Pola súa parte, Sebastiana Vitales fala en nome da CNT, “...saudando efusivamente ao auditorio que a aplaude repetidas veces durante o seu discurso.

Comeza a súa peroración dicindo que os tempos presentes son de actuación e que ningunha muller debe negar o seu concurso á obra de rexeneración social que preocupa á xeneralidade do proletariado mundial. Referíndose ao Congreso da CNT que se celebra actualmente, opina que del sairán os acordos que conducirán á realización dos nosos ideais, plasmándoos en feitos revolucionarios.

Con frases de sinceridade, manifiesta non “comprender” como é posible que mentres hai tantos nenos sen pan, abrigo nin colexio, hai tantas samesugas chuchando do orzamento nacional o sangue dos traballadores convertida en delicioso manxar, co que se agasallan mutuamente burgueses e políticos de toda clase.

En Francia –di- máis de cen mil mulleres proletarias practican o aborto por carecer dos recursos necesarios para atender as necesidades da súa prole, dos cales morren unha porcentaxe que se eleva a máis da cuarta parte, mentres as señoras da aristocracia, que utilizan os auxilios dos médicos e o tecnicismo da ciencia, o practican sen exposición algunha, tan so para evitaren as molestias que orixina o embarazo. E isto, ademais de ser unha calamidade social que prexdica notablemente a nosa existencia é unha vergonza para a clase capitalista, baldón ignominioso dun réxime que se eslúe entre a fogueira da súa propia maldade.

Visiblemente acongoxada pola aflicción ao lembrar aos mártires de Chicago, citou o parágrafo da carta da nai de Lingg [unha das vítimas deste luctuoso suceso] na que lle dicía: “Querido Lingg: Despois da túa morte estarei tan orgullosa de ti, como o estiven durante a túa vida. Declaro que se eu fose home tería feito o mesmo que ti”. E esta outra da súa tía: “Pase o que pase, anque sexa o peor, non te amoses feble perante eses miserables”.

Terminou o seu discurso esta compañeira cunha afervoadada alocución ás nais coruñesas, convidándoas a imitaren o xesto



heroico da nai e tía de Lingg..”.

Pronunciará Sebastiana outra conferencia no Centro de Estudos Sociais «Liberación», radicado no Peruleiro, 48.

As mulleres libertarias da Coruña colaborarán tamén na recadación de fondos para os veciños de Bendilló (Lugo), que querían vivir en comunismo libertario e precisaban un tractor: recadan estas mulleres, na rúa, 103,25 pts, aparecendo Sebastiana Vitales aportando unha peseta.

[*El Metropolitano*, 15, abril de 2000]



GUMERSINDO PEREIRA NOUCHE E O CINE NAS MARINAS

Gumersindo Pereira Nouche, destacado empresario cinematográfico de Galiza dos anos 20 e 30, debeu nacer preto de Santiago arredor de 1893, e morreu na Coruña o 25 de abril de 1939, aos 46 anos. Residía, na Coruña, na rúa García Hernández (actual San Andrés), 94-32. Estivo casado con María Luisa Ruíz Carreras, nacendo do matrimonio tres fillos: Gumersindo (que falecería pouco despois do pai), Esther (que casaría co médico Pardavila) e Berta. Posuía unha residencia de verán na Acea de Ama (na cal falecería Alejandr P érez Lugín en 1926), na actual Praza Europa. Colaborou en ocasións coa parroquia do Burgo. Foi un dos maiores empresarios de espectáculos da Coruña, tanto nos aspectos teatrais como cinematográficos. A súa empresa, Empresa Pereira, levaba, na cidade coruñesa, o «Teatro Rosalía de Castro», o «Salón Doré», o «Ideal Cinema» (na Gaiteira), o «Salón Victoria» e o «Cine Monelos». En Ordes, o «Salón Troche» (onde

tamén se realizaban funcións teatrais); o «Cine Capitol» en Santa Cruz (Oleiros) e, no Burgo (Culleredo), o «Cine Rialto». Xestionou tamén un importante establecemento hosteleiro na cidade, o «Gran Café-Bar Central», sito na rúa Castelar, 23 que se anunciaba, en 1930, na revista «Coruña Automovilística», órgano do Centro de Protección de Chauffeurs (chóferes).

Home de talante liberal, pertenceu a entidades como a “Liga Española de los Derechos del Hombre”, da que era directivo provincial en 1936, sendo socio do “Casino Republicano”, do Centro de Estudios Sociales «Germinal» (de orientación anarquista), e directivo, nalgunha ocasión, das “Irmandades da Fala” da Coruña, vencelladas ao nacionalismo, apoiando, por exemplo, a escola, en lingua galega, que esta entidade promocionaba. Politicamente, estivo afiliado a “Izquierda Republicana”, o partido de Casares Quiroga e Manuel Azaña. Tamén ocupou cargos noutras entidades culturais, benéficas ou profesionais como a “Asociación Ibero-Americana”, formando parte da Xunta Rectora da “Cocina Económica” (1933), da “Asociación de Empresarios de Espectáculos do Noroeste” e da “Asociación de Empresarios de Espectáculos de España”.



Cedía gratuitamente os seus locais para actos públicos dos sindicatos e sesións benéficas, como a organizada pola “Confederación Nacional del Trabajo” (C.N.T.), durante a República, para recaudar fondos para a Casa Sindical coruñesa, o que lle agradecerían publicamente os sindicatos da cidade.

Na sublevación de xullo do 36 non chegaría a ser detido polas forzas militares, por considerárselle persoa de orden «dentro de su ideología», pero foi vixiado porque, a xuízo da policía, podería (el e outros republicanos moderados) «tal vez cooperar a la alteración del orden público».

No «Cine Rialto» do Burgo, especialmente, e no «Capitol»

de Santa Cruz, proxectaríanse numerosas películas entre os anos 1933 e 1935. Pero desto falaremos nunha próxima colaboración.

[*El Metropolitano*, 16, maio de 2000]



8

O CINE NAS MARÍÑAS

Na pasada colaboración falamos da figura de Gumersindo Pereira, moi vencellado a Culleredo, que xestionou cines no Burgo e Santa Cruz.

Pero os nosos pais e avós puideron pasar boas veladas de lecer noutras salas. Así, no concello de Oleiros existiron as seguintes: «San Pedro» (Nós), «Pardo» (Oleiros), «Bello» (Mera), «Capitol» (Santa Cruz), «Coliseo» (Nós) e «Pasaje» (Perillo). No concello de Culleredo, o «Rialto» (Burgo), «Rutis» (Rutis) e «Goya» (Portazgo). E en Cambre o «Trébol».

¿Que filmes vían estes mariñáns de outrora? Vexamos algúns títulos, e protagonistas, no CINE RIALTO do Burgo, entre marzo de 1933 e febreiro de 1935:

De Laurel e Hardy, *De bote en bote*, *El abuelo de la criatura*, *En cada puerto terror*, *Héroes de tachueta*, *Los calaveras e Politiquerías*. De Ramón Novarro, *Canción de Oriente* (con Helen Hayes), *Juventud triunfante*, *Mata-Hari* (con Greta Garbo) e *Sevilla de mis amores* (con Conchita Montenegro). De M^a Fernanda Ladrón de Guevara, *Cheri-Bibi* (con Ernesto Vilches) e *El proceso de Mary Dugan* (con Rafael Rivelles). Outros filmes foron: *Acusado*, *Al este de Borneo*,

Champ (Jackie Cooper e Wallace Berry), *Como tú me de-seas* (Greta Garbo), *Congo* (Lupe Vélez), *Contrabando*, *Dos mujeres y un D. Juan*, *El caserón de las sombras* (Boris Karloff), *El dirigible*, *El favorito de la Guardia*, *El hacha justiciera*, *El pecado de Madelon Claudet*, *El predilecto de los dioses*, *El rey de los gitanos* (José Mojica), *En cada puerto un amor*, *Entre dos corazones*; *Fin de Fiesta* (Trío Argentino), *Hermana Blanca*, *Honduras infierno*, *I.F.L. no contesta*, *La escuadrilla deshecha*, *La fiera del mar* (John Barrymore), *La llama eterna* (Norma Shearer, Fredrid March e Leslie Howard), *La mujer manda*, *La máscara de Fumanchú*, *La tragedia de Scapa Flow*, *La única ley*, *La urraca*, *Las calles de Nueva York* (Buster Keaton), *Las dos huérfanas*, *Los seis misteriosos*, *Letty Linton*, *Luces de la ciudad* (Charles Chaplin), *Años culpables* (Lionel Barrymore), *Me pertenezco*, *Órdenes secretas*, *Orgullo de Raza* (Dolores Costello), *Oriente y Occidente*, *Por un solo desliz*, *Prosperidad* (Marie Dréssler e Polly Moran), *Rejas y votos*, *Reunión*, *Señales de alarma*, *Sierra de Ronda*, *Su última pelea*, *Titanes del cielo*, *Trader-Horn*, *Una morena y una rubia*, *¡Vivamos hoy!* (Joan Crawford e Gary Cooper).



No CINE CAPITOL de Santa Cruz encontramos a seguinte carteleira entre finais de 1934 e comezos de 1935: *Ben-Hur* (Ramón Novarro), *Cabalgata*, *Canción de Oriente*, *Compañeros*, *El abuelo de la criatura*, *El caballero de la noche*, *El camino del infierno* (Juan Torena e M^a Alba), *El gran desfile*, *El rey de los gitanos*, *El último varón sobre la Tierra*; *Estrellados* (Buster Keaton), *Hermana Blanca*, *Héroes de tachuela*, *Honduras infierno*, *Letty Linton*, *Primavera en otoño* (Catalina Bárcena e Antonio Moreno), *Seis horas de vida*, *Sevilla de mis amores*, *Tarzán de los monos* e *Vivamos hoy*.

Como podemos comprobar, a oferta cinematográfica era de interese, e semellante ao que se ofertaba nos cines da Coruña; nalgún caso, mesmo antes que na cidade.



ISABEL SUEIRO. UNHA MULLER LIBRE

Calquera persoa que se dedique á investigación histórica sabe que os arquivos parroquiais albergan nos seus libros unha fonte inesgotable de información. Mesmo libros aparentemente áridos como os de bautizados, casados e defuntos proporcionan datos como o número de falecidos, sexos, mortalidade infantil, causas da morte, idades ou antecedentes xenealóxicos. Pode un saber -sirva como anécdota-, que en Almeiras naceron unhas trillizas en 1762.

Precisamente nun dos libros parroquiais de Almeiras atopamos a partida de defunción que dá título a esta colaboración.

En decembro de 1706 entérrase unha moza, Susana Sueiro, alcumada “bendala” -logo veremos que non era así-, “dentro de la Ygl.a, en cuarto grado de la puerta principal”; morrera dun accidente. ¿Quen eran os seus proxenitores? Segundo o párroco, eran “Ysabel Sueiro “bendabala”, mujer libre, vez.a de Sant^o del Burgo, su padre yncognito”. Pero o crego, quizais pensando que, no futuro, un historiador coma min poderíase interesar no asunto, engadiu en nota marxinal: “tengo not.a ser hixa de d^o lopez de prabio”.

¿Quen era o tal Domingo? Nunha partida de defunción do ano seguinte, 1707, -pouco sobreviviu á súa filla- infórmase nos que era licenciado e capelán da Marisqueira e que foi enterrado na capela maior da igrexa, nunha sepultura de 4 ducados. Era, por tanto, un crego, pertencente a unha familia nos que estes abundaban: Antonio López de Pravio, licenciado e presbítero; San-

tiago de Pravio, así mesmo licenciado e presbítero, e Manuel López de Pravio. A todos atopámoslos nos libros de Almeiras desde o último cuarto do século XVII ao primeiro do XV. Esta capela da Marisqueira, da que escasean as noticias, fora fundada na Colexiata de Santa María do Campo da Coruña por Xoán Alonso de Pravio, dotándoa con bens en Almeiras e outros lugares.

Pero volvamos á “Bendabala”. O seu alcume indica que era unha muller arroutada. Ser cualificada como “mujer libre” significa que exercería a prostitución, pero non sabemos se antes ou despois de coñecer ao capelán, que, como vemos, non era moi consecuente co seu voto de castidade.

Pero o que máis nos agrada da noticia é precisamente que se lle chame muller libre. Porque, verdadeiramente, Isabel Sueiro érao, non coma a xeralidade das mulleres da época, que nin sequera son mencionadas nos padróns de habitantes, agás que fosen solteiras ou viúvas vivindo independentes. Mesmo a Igrexa, nos mandatos das visitas pastorais, encarecía aos pais que ningunha moza solteira vivise en casa soa. Son, as mulleres, as grandes silenciadas da historia. Por iso, Isabel Sueiro, “vendavala”, quero reivindicar a túa memoria. Non me importa como foses -fermosa ou pouco agraciada, alta ou baixa, intelixente ou ignorante-, nin que exerceses a prostitución. Eras libre, unha das poucas mulleres libres da túa época. Non te atou o matrimonio nin a cela monástica -fin ao que estaban destinadas as mulleres, sen pedirllas xeralmente opinión-, e exerciches o teu libre albedrío. Ti non o soubeches pero, séculos despois, en 1936, un grupo de mulleres anarquistas, de avanzadas ideas, defensoras da igualdade dos sexos, dos seus dereitos, do amor libre, fundaron un grupo que se denominou “Mujeres Libres”. E loitaron nas trincheiras contra o fascismo, coma ti debiches loitar, de seguro, contra os convencionalismos.

Por iso, Isabel, estou convencido de que se na túa época



houbese moitas mulleres coma ti quizais a historia do teu sexo tivese sido outra.

[*El Entorno Metropolitano*, nº 18, xullo de 2000]



PEQUENA HOMENAXE A “MARTINETE”

Manuel Valentín Fernández Láuzara, coñecido co alcume de “Martinete”, naceu en Santa Uxía de Ribeira o 28 de outubro de 1911. Persoa vencellada ás esquerdas, tivo que alistarse na Lexión por medo ás represalias, facendo neste Corpo a Guerra Civil e chegando a sarxento.

Traballou na CROS ata a súa xubilación, e residía no Souto de Vilaboa, falecendo a mediados dos anos 80.

Posuía unha non despreziable formación, autodidacta, gostando moito dos temas de historia e literatura.

Grande afeccionado ao teatro, formou parte do grupo “Agrupación Teatral dos Amigos”, da Coruña, cidade na cal residían case todos os seus membros. Con este grupo efectuou varias representacións, como actor ou director:

Rosiña, de Xesús San Luís Romero, o “zapateiro poeta”, que representarían no Teatro “Jofre” do Ferrol.

Non chores, Sabeliña, de Xosé Trapero Pardo, representada no Teatro “Rosalía Castro” da Coruña.

O Fidalgo, a famosa obra de Xesús San Luís Romero, que representarán na Praza da Quintana compostelá nos anos 50. Houbo un importante escándalo no transcurso da re-

presentación e, segundo Manolo, levaran presa a toda a compañía. Desta obra chegárame a facilitar unha fotocopia, que aínda conservo, probablemente de algunha das primeiras edicións.

A cabeza de Manolo nunca descansaba, sobre todo cando se achegaba o Entroido. Foron moi coñecidos e celebrados os seus apropósitos, representados no Salón, "Fina Sport" (o famoso "Carricho") ou no tristemente desaparecido "Cine Rutis", así como en diversos concellos das Mariñas. O cadro de declamación estaba formado por xente da parroquia, que Manolo xuntaba; un deles, Plácido, aínda se lembra de moitas das estrofas das obras.

Temos noticia dos seguintes apropósitos escritos por Manolo:

Vilaboa é cousa boa (Salón Fina Sport, Vilaboa, 1952)

Epicache, miñoa (Salón Fina Sport, Vilaboa, 1953)

O cego de Boa Vista (Salón Fina Sport, Vilaboa, 1954)

Plácido faloume da existencia de dous títulos máis:

Por Vilaboa adelante pasa un platillo volante e Cuando el hijo de fulano es el hijo de mengano.

Ademais do mundo do teatro, participou tamén Manolo na actividade cultural de Vilaboa, sendo bibliotecario, en varias ocasións, do Centro Social, Cultural e Recreativo de Rutis.


Lembro que cando un grupo de mozos e mozas de Vilaboa e A Coruña fundamos en 1976 o Grupo de Teatro "Maiolongo", sempre se achegaba a nós para contarnos as súas experiencias, e darnos consellos, vivindo as nosas representacións coma se fosen súas.

A súa morte impactárame moito. Estivera falando conmigo no Burgo un día, e pedírame que lle pasase a máquina o



novo texto que viña de escribir (sempre estaba pendente de todo, das tertulias das mulleres, das conversas de taberna: de aí quitaba moitos dos temas). Mesmo chegara, ilusionado, a comentarllo ao meu pai. Non lle deu tempo: lamentablemente, faleceu o día anterior ao que quedara connigo para entregarme o orixinal.

[*El Entorno Metropolitano*, nº 20, setembro de 2000]



11

RAMÓN BLANCO REY E O GRUPO DE TEATRO “MAIOLONGO”

En 1976, un grupo de rapaces e rapazas, residentes uns en Vilaboa e outros na Coruña, aglutinados por un mozo noiés, Ramón Blanco Rey, formamos, con sede inicial no Centro Social, Cultural e Recreativo de Rutis –onde el daba clases de guitarra- o Grupo de Teatro “Maiolongo”. Ramón, Pilar, Teresa, Ana, Avelino, Fernando e máis eu compuxemos o primeiro elenco fundador. En agosto de 1976, logo de meses de ensaios e de aprendizaxe, de ir amañando un pequeno equipo equipo técnico consistente nun par focos, algunha candilexa, un rudimentario cadro de luces e un vello casete, estreamos no Salón “Fina Sport” de Vilaboa –o popular “Carricho”-, coa axuda dos amigos do Grupo de Teatro “Candea” de Noia, a nosa primeira obra, *Camiñar a cegas*, da que era autor Ramón. Había anos que desaparecera a experiencia teatral en Vilaboa, polo que a obra espertou moita expectación e foi un éxito de público; mesmo a representación saíu bastante ben.

Ao ano seguinte montamos outra obra, *O día que o sol alumeu pola noite*, tamén da autoría de Ramón, da que só fixemos a estrea. Para esta obra incorporáronse outras persoas, como Ramón ou María, tamén noiesa, colaborando en ocasións a miña irmá Isabel, Ana Pallares ou José Emilio.

Tempo despois, compromisos de Ramón levaron ao grupo a un impasse. En 1978 fixemos, no Centro Social de Culleredo, a derradeira posta en escea de *Camiñar...*, cun grupo de rapaces e rapazas novas de Vilaboa e Palavea.

Durante estes case tres anos, “Maiolongo” viaxou por diversos lugares da provincia, realizando representacións en Noia, Santiago –na aula magna de Fonseca- A Coruña – Escola de Maestría, Sociedade A Gaitreira, Igrexa de Pedralonga-, Pontedeume e varias en Culleredo –Vilaboa, Tarrío, Universidade Laboral...-.

A vida foinos levando por outros derroteiros; sen embargo, “Maiolongo”, e Ramón, que falecería en 1987, con só 29 anos de idade, non quedaron no esquecemento. Así, na *Historia do Teatro Galego*, ou no *Diccionario do Teatro Galego*, que escribiron Manolo Lourenzo e Pancho Pilla-do, hai un lugar para o grupo e algúns dos seus membros. Tamén Pepe Agrelo, o director de “Candea”, grupo co que traballaría Ramón, dedicoulle o libro no que recolle as súas obras teatrais, incluíuno dentro dos fillos ilustres da parroquia de Santa Cristina de Barro -na que nacera Ramón-, no libro que escribiu sobre ela e fala del tamén na historia de “Candea”, editada o pasado ano en Noia co gallo do 25 aniversario da fundación dese grupo. Así mesmo, en recentes publicacións sobre a historia do teatro galego dos últimos anos tamén aparece o noso amigo, englobado na chamada “Xeración de Abrente” – Festival teatral celebrado en Ribadavia-. Eu mesmo, que considerei a Ramón como un irmán, preparei unha introducción e notas sobre o grupo, e edición de *Camiñar a Cegas*, que se publicou no nº 84, de abril de 1990, dos



Cadernos da Escola Dramática Galega.

Tampouco o Concello de Culleredo se esqueceu deste cullerdense de corazón e de adopción: Ramón figura na publicación *Persoas Ilustres de Culleredo*, e a Corporación Municipal dedicoulle unha pequena rúa na parroquia de Rutis.

[*El Entorno Metropolitano*, nº 21, outubro de 2000]



12

MORALISMO ECLESIAL NO SÉCULO XVIII

Calquera que se achega aos libros parroquiais –xa o temos comentado noutra ocasión- descubrirá noticias de toda índole que amosan, ao comparalas co presente, canto teñen cambiado os tempos. Na colaboración de hoxe imos facer unha pequena cala no concepto de moralidade que no século XVIII aplicaba a Igrexa católica. Para os que non o saiban, naquelas épocas –realmente xa moito antes- periódicamente, xeralmente unha vez ao ano, “visitadores” do arcebispado de Santiago percorrían as diferentes parroquias. As súas funcións, ademais de revisaren os libros parroquiais, o estado da igrexa e os seus ornamentos ou ordenar a realización de necesarias obras de reparación, eran facer anotacións de orde doutrinal e moral, que o párroco debería logo facer cumprir aos seus fregueses. Pero semella que, en moitos casos, ás ordes ou advertencias facíaselles caso omiso: só así se explica que, ao longo do tempo, en sucesivas visitas pastorais, se repetisen as mesmas admonicións. Para ilustrármonos un pouco, a título de exemplo, veremos algúns casos que fomos escolmando no libro 2º de fábr-

ca da parroquia de Rutis, que comeza en 1656.

Así, na visita pastoral de 1742 ordena o visitador: “na igrexa [estarán] con silencio, modestia e devoción. Garden os días festivos, sen traballar neles e oian misa enteira afastados homes de mulleres”. “Non permita que estean cubertos na igrexa os que fan o doo de corpo presente nin que as prañideiras, con inmoderado pranto, perturben os oficios divinos, máis ben exhorte ao contrario e, por cada vez, digo que os bote da igrexa como irreverentes a tan sagrado lugar”. “Non permita que se fagan convites en casa do defunto nos días de enterro e honras, mesturando co pranto cousas do desagrado de Deus. E querendo distribuír algo por sufraxio, o fagan entre os máis pobres e necesitados e por vía de esmola, recibíndoa por tal”. “Obrigue a que os casados vivan xuntos facendo vida maridable e, aos que non están velados, a que dentro de tres meses reciban as bendicións da Igrexa”. “Prohíba a concurrencia a muíños, fiadas e pandeiradas, impondo un ducado de multa, cada vez, aos muiñeiros e persoas que o consentisen nas súas casas”.

Noutra visita pastoral, en 1765, manda o visitador que todos os eclesiásticos que concorresen ás funcións de enterros, e demais festividadeas, asistisen a elas enteiramente e coa decencia correspondente, vestidos con sotana ou roupa talar, “cuello, alzacuello y pelliz”. Ningún eclesiástico debería entrar nas tabernas a comer, beber ou xogar nin con mulleres, nin con segrares nin aínda sós, agás que estivese de viaxe. Ningún eclesiástico debería usar de exorcismos nin facer escritos ou “nominam”, sen expresa licencia do arcebispo ou do seu provisor. Tampouco ningún eclesiástico debería ir comer ás funcións de voda ou enterros; no caso que o fixeran, procurarían estar con toda modestia e sobriedade, sen cometer excesos nin alterar, de maneira que, polo seu alto estado, dese bo exemplo aos leigos. Cando os eclesiásticos se encontrasen nas igrexas nas funcións de enterros,



ou outras, non deberían falar entre eles, nin botarse a rir nin contar contos, co que escandalizarían aos segrares. O párroco explicaría a doutrina na igrexa ou no adro os días de precepto; baixo ningún pretexto a preguntaría na súa casa, particularmente a mulleres, á fin de “obviar accesos”. Procuraría o crego tamén que os seus fregueses oísen misa enteira todos os días de precepto, entrando todos dentro da igrexa, onde estarían de xeollos con toda devoción e sen falaren, e con afastamento de homes e mulleres: colocaríanse estas desde a porta principal ata o medio da igrexa, e os homes cara o altar maior, sen arrimárense aos colaterais nin aos seus frontais. Non poderían ter na cabeza sombreiros, monteiras, nin paos nin outra cousa; para os que non cumprisen, había as correspondentes multas. As mulleres solteiras, nin as casadas sen o consentimento dos seus esposos, non poderían vivir soas.

Na visita pastoral de 1791 insístese que o cura non permita que mozas solteiras ou viúvas xoves vivisen soas en casa, que celase para que os pais de familia non mandasen ás súas fillas solteiras aos muíños nin a sitios sospeitosos, e que velase sobre que os pais tivesen conta de recoller aos seus fillos e fillas ao anoitecer, por evitaren danos e escándalos.

[*El Entorno Metropolitano*, nº 22, novembro de 2001]



UN INFORME SECRETO
SOBRE CULLEREDO DE 1935

O Goberno Civil da Coruña, por orde do Ministro de Go-

bernação de 11-6-1935, elabora informes de todo os concellos da provincia. O obxectivo dos mesmos era pulsar a opinión sobre as posibles alianzas do Goberno – nestes momentos estamos no denominado Bienio Negro, cun goberno formado polos radicais de Lerroux (que son os que encargan o informe) e os cedistas de Gil Robles- de cara a futuras confrontacións electorais.

Do cuestionario existente sobre Culleredo podemos salientar o seguinte:

Respecto dos partidos políticos, influían no concello elementos de esquerda republicana, CEDA e algo os agrarios.

As persoas máis significadas eran:

En Almeiras, José Lantes.

No Burgo, Domingo de La Iglesia, Augusto Seijas Santiso e Manuel Martínez Cachopo.

En Rutis, Ramón Naya Mateos, Eusebio Naya Mateos, Manuel Sobrino, Luis Seoane, Jorge Bemúdez de Castro e Juan Veira.

En Culleredo, Manuel Gafias e Ramón Pena.

En Sésamo, Manuel Castreijo.

En Celas, Juan Hermida.

En Castelo, Juan Sanluz.

(Destes homes dise que non tiñan un carácter moi definido, aínda que eran de tendencia dereitista e actuaban con eficacia).

O alcalde, Electo Carballo Matos, do que se afirma que é membro representativo do Partido Nacional Republicano, é cualificado como solvente, pero de escasa influencia.





As persoas non afiliadas a partidos tiñan respecto ás creencias, aspirando a que se realizasen obras que desen traballo, e que se protexese á gandeiría.

O voto feminino era apreciable: inclinábase á dereita ou aos partidos obreiristas segundo o cónxuxe.

As organizacións políticas existentes eran a CEDA, agrarios e Unión Republicana.

A Xunta Municipal do Censo tiña unha constitución política Nacional Republicana, e seguía as indicacións do alcalde.

O número de votos que tiñan os partidos no concello, neste momento, eran os seguintes: Nacional Republicanos, o 35%; Agrarios, 10%; CEDA, 20% e Partido Radical Republicano, 15%.

Grupos considerables de electores serían sensibles a medidas que puidesen remediar o paro obreiro. Non era de temer o soborno no sufraxio.

Era posíbel a alianza do Partido Radical con calquera dos outros partidos existentes.

O Concello estaba administrado deficientemente, aínda que se cobraba o reparto veciñal, e algunha vez este utilizábase como arma política.

Electo Carballo Matos, alcalde, é calificado como Republicano independente. De Unión Nacional Republicana eran José Prego Gómez, Isaac Rumbo Díaz e José Ferreiro Sexto; do Partido Radical, Manuel Candamio Fenández, Nicolás Uzal Campos, Manuel Carballo Matos e Andrés Zás García.

Rumbo Díaz e Uzal Campos son calificados como negligentes.

O secretario, Ernesto Lareo, fora nomeado por concurso, non

constaba que tivese antecedentes penais por delitos de carácter electoral ou falsidade de documentos, e exercía escasa influencia.

O xuíz municipal, Luis Rey Carrero, tampouco tiña antecedentes, exercendo algunha influencia.

Nin o alcalde nin a Corporación foran nunca destituídas ou suspendidas.

A única organización sindical que se destaca é a CNT, moi activa, de extremismo medio, controlada e dirixida polos directivos da mesma na Coruña. Apoiaba situacións de franca esquerda.

Existían algunhas diverxencias cos elementos dereitistas do pobo. Á xente preocupáballe a falta de traballo, aspirando á construción de grupos escolares, camiños veciñais, lavadoiros e fontes públicas.



[*El Entorno Metropolitano*, nº 27, abril de 2001]



Página 40



TRES ARTIGOS INÉDITOS



AS ERMIDAS DA PARROQUIA DE ALMEIRAS

Ao longo dos séculos a parroquia de Almeiras, como outras das Mariñas, sufriu a desaparición de parte do seu patrimonio arquitectónico. Ademais da súa igrexa parroquial románica, que estaba situada nas inmediacións do Burgo, houbo na freguesía outras ermidas, da existencia das cales daremos noticia nesta colaboración.

No Libro 1º de Fábrica, nunha visita pastoral celebrada en xaneiro de 1664, sendo crego vicerrector de Almeiras Francisco del Caño Miranes, lemos que este día que dende o tempo que levaba servindo en dito beneficio, uns dez meses, non coñecía que houbo no distrito da parroquia máis que a ermida antiga “del glorioso San Juan, y San Paulo” na cal, e segundo constaba das Constitucións do libro, existía unha fundacion dunha misa o primeiro luns de cada mes, e, o día da festividade principal –no san Xoán-, dicíanse seis misas, unha delas cantada, e ao día seguinte, día de San Paulo, outras tres, unha delas cantada. Así mesmo, había na freguesía a ermida “del glorioso San Antonio”, a fundación da cal estaba no final deste libro 1º de Fábrica. A ermida era propiedade do capitán don Xoán Romero de Andrade, rexedor da cidade da Coruña, tendo esta ermida de fundacion unha misa rezada cada mes, outra cantada o día de San Pedro mártir, ademais das que dicía pola súa devoción no decorrer do ano e moitas máis, con solemnidade, o día do glorioso San Antonio.

Máis adiante, di o visitador: “Y porquanto la hermita de San Juan desta felegresia esta sin cerradura ni llave con-



que puede entrar el ganado a profanarla mando su Ilustrísima que el Mayordomo dela Cofradia de San Juan ponga una çerradura y llave a dicha hermita lo qual cumpla dentro de quinze dias pena de excomunion mayor y de quatro ducados y el viçerrector lo haga executar so las dichas çensuras y pena”.

No chamado “Libro de Vissitas y Quentas de la Yglessia Parroquial de San Jullian de Almeiras”, iniciado no ano 1716, vemos, nas contas de 1783:

“Bendición dela Capilla de Hombre. Yo Don Domingo Antonio Fernádes cura ecónomo de esta feligresía de San Julián de Almeiras, vendicí solenemente la Capilla Antigua de San Pedro Mártir de Berona sita en el lugar de Hombre de esta dicha feligresía, en virtud de decreto y comisión del señor Doctor Don Pedro Acuña y Malvar, Governador Provisor y Vicario General de este Arzobispado de Santiago, su fecha trece de septiembre pasado de este año, a consecuencia de memorial presentado por Don Josef Casal y Varela Secretario de Asiento y Cámara de la Real Audiencia de este Reino, actual Patrono de dicha Capilla, y para que conste lo firmo como tal cura ecónomo de ella..”.



Por último, noutra visita pastoral celebrada en 1791 lemos:

“Capillas. Halló el sr Visitador en esta Parroquia quatro capillas legas, una en el lugar de Vigovidín, con la advocación de san Antonio, que es de la Cassa de Andrade, que posee oy Don Ramón de Seixas; la que está bastante decente en buen estado, y con lo necesario para celebrarse en ella Missa.

Otra en el lugar de Hombre, dedicada a la Santíssima Trinidad, en la Cassa del Señor Marqués de Almeyras, la que halló en buen estado con mucha limpieza, aseo, y sobre saliente adorno, de varias Alajas de Plata y custosos ornatos; y en el mismo lugar otra dedicada a san Pedro

Mártir, en la Cassa que posee oy Don Josef Casal, vezino de la Ciudad de la Coruña.

Y ultimamente la Capilla de San Juan redificada de nuevo, con un Altar decente; pero sin Ara, sin cáliz ni ornato alguno; y en la actualidade, privado el usso de esta Capilla, y recogida la llave de ella por el cura todo con Orden expresa del Excelentísimo e Ilustrísimo Señor Arzobispo de Santiago, cuio decreto se presentó y reconoció el señor Visitador”.

San Xoán, San Antonio, San Pedro mártir de Berona e Santísima Trindade, edificadas as tres derradeiras para vaidade dos seus propietarios. Sen embargo, destas advocacións, agás no primeiro dos casos, xa non queda ningunha lembranza.

“Sic transit gloria mundi”.



¡¡QUE VENEN LOS FRANCESES!!

Quero falar nesta ocasión dunha efeméride que celebramos hai poucos días, a comezos de xaneiro, xa nos novos século e milenio. Trátase da batalla de Elviña, que enfrontou a franceses e británicos nos montes do mesmo lugar. Non vou facer un relato dos acontecementos, por outra parte ben coñecidos, senón facer unha escolma do que, sobre estes feitos, quedou refrexado nos libros das parroquias de Culleredo neste caso, aínda que toda a comarca sufriu a ocupación.

A parroquia de Rutis foi unha das máis afectadas, porque nela estiveron instaladas tropas francesas. Así, no Libro 2º de fábrica, achamos noticias como estas:



1809. Contas. Arránxanse varias cousas precisas, por 415 reais e 23 maravedís «que entregó a Andres Lorenzo, según recibo, que presentó, por los mecheros que se hicieron, composicion de la puerta pequena, o traviesa, una caixa para la extrema unción, composicion de las custodias, y otros varios reparos que se necesitaban en la Yglesia con el motivo del rompimiento de los enemigos».

1815, febreiro, 4. Di o cura, Pedro Cayetano Novio, que non puido acabar de revisar as contas do seu antecesor, Manuel Antonio Franco e Romay “motivado de haver llegado los franceses á esta Parroquia en enero de mil ochocientos y nueve, en que esta Parroquia y sus vecinos han padecido tanto que aunque se les hiciese cargo de algunas responsabilidades, no tenian con que satisfacer...”.

No Libro 2º da Confraría do Rosario, no fol. 245r, ven unha nota: “Que con el motivo de haver entrado en esta Parroquia los enemigos y haber servido de teatro de la Guerra, se me havia traspapelado un manifiesto, y una cuenta de cargo y data..”.

No Libro 1º da Confraría do Santísimo Sacramento, nas contas de 1809 lemos: “Ydem se le abonan [ao mordomo] doce libras [de cera] que aseguro le habían llevado los Franceses quando estuvieron acampados en la Parroquia». E nas contas dos anos 1819-1820, vemos: “Para un caliz con su patena, pague a don Ramon Garcia Facal cura de san Verisimo de Oza dos cientos, y quarenta reales los mismos, que dicho señor havia entregado por el a un frances en tiempo de la guerra, cuyo señor dijo que por tener dicho caliz el nombre de la parroquia de donde era, havia escrito al cura de ella, que dándole dichos doce duros podia recoger el Caliz, quien dice respondio, ya havia comprado con equidad. Y por el mismo orde lo necesario, y cubierto las faltas de lo que los enemigos le havian robado, por cuya razon podia disponer de el a su

voluntad, y por la misma, pasé yo a tomarselo= por la equidad de su precio, y falta que hacia en esta Yglesia por no haver quedado de la invasion de los enemigos en el año de mill ocho cientos, y nueve mas que uno, y considerando podia tomarlo [...] consciencia, por las diligencias referidas.”

No Libro 2º de Defuntos vemos a seguinte partida:

1809, maio, 30. «En treinta de mayo del año de mil ochocientos, y nueve, se dió sepultura en la Ygl^a Parroquial de Santa Maria de Rutis, alias Vilaboa, al cadaver de Antonio Calbo, marido de Maria Garcia, vezinos de la Parroquia de san Xorxe de afuera de la Ciudad dela Coruña, al que en el dia veinte, y seis del mismo le havian quitado la vida los soldados del exercito frances estando acampados en esta parroquia, y sepultado en el campo, junto al Rio, y casa de Jacobo Varela vezino de Vilaboa de abajo, y pedido por su muger y parientes, le dieron sepultura eclesiastica, se le ha dado, despues de reconocido ser el mismo...».



Na parroquia de Almeiras, no Libro 3º de Fábrica lemos, respecto das contas dos anos 1808 e 1809 (tomadas en 1827): Ao mordomo, o labrego Pedro Núñez “..se le revajan y perdonan doscientos y ochenta reales con diez maravedís en que salio alcanzado el año de nueve en recompensa y remuneracion de su buen procedimien- to, y lealtad, que ha tenido con la Yglesia de esta feligresia, como fue el haberle librado todas sus Alhajas de Plata de manos de los Enemigos, de que se hallaba invadido, y situado este Pueblo, soportandolas de unas á otras partes en varias ocasiones, con peligro de su vida, hasta que por ultimo las sacó a salvo en un todo..”.

Na parroquia de San Estevo de Culleredo, no Libro 2º de Defuntos, lemos que en xaneiro o crego non puido asistir a un enterro por estar a parroquia ocupada polos franceses. Tamén no Libro de Visitas, no ano 1829, vemos que o

visitador “en atención a que quando sucedió la Ynvasion primera francesa Acamparon en esta Parroquia y sus alturas mucha parte de su exercito los que consumieron quemaron y robaron todos los muebles y fortuna de sus vezinos quedando pobres y aflixidos con tales disgracias y para que Conste no se puede cobrar..”. (refírese as cotas da Confraría do Santísimo). No 3º Libro de Fábrica, no ano 1809, fálase de que a igrexa quedara “desfalcada”.



Páxina 46

No Libro 3º de Fábrica do Burgo, lemos: [Despois da invasión francesa] “En veinte y ocho de Diciembre de 1808 yo Don Manuel Flores Presbítero tomé posesión de este Beneficio Curado de Santiago del Burgo y con la entrada de los Franceses en la Coruña, no vine a residir hasta últimos de Abril del siguiente año, en Cuio vine a reconciliar esta Santa yglesia, que havia quedado profanada por la entrada de los Cavallos Franceses en ella. En esta yglesia no allé todas las Alajas que están apuntadas por mi antecesor, y reconviendo al Sachristan Manuel dos Santos y otros vecinos por las que faltan, me respondieron, las havian robado los Franceses. Me ynformé de Don Josef Nuñez Presbítero y vecino de Almeiras, a quien tenía yo encargada la Parroquia, y me dijo ser cierto lo que decían los vecinos y para que nadie me pueda pedir mas de lo que hallé en esta yglesia, hago el inventario de lo que existe en la yglesia y reclutaron (de m.o de los Franceses) mis Feligreses con Presencia del dho Presbítero Nuñez y de Don Andres de Leis Svno. Vecino de la Coruña”. Hai varias pezas de prata, pero “toda la demas plata que está apuntada en el inventario echo por mi antecesor pereció por el trastorno de los enemigos”...

No Libro 2º de Fábrica de Santa María de Celas lemos: Ano 1809: “Assimismo por los muchos mobimientos que hubo con la ropa de la iglesia para ocultarla y librarla de los robos de los Franceses se necesitó mas

Gavon de lo acostumbrado en los años anteriores..”.



3

UN MITIN OBREIRO ANARQUISTA NO BURGO EN 1892

O grande reto que temos os que nos dedicamos a investigar na historia local, é facerlle comprender á xente que nos nosos concellos tamén pasaron cousas dignas de resaltar. Pero, en ocasións, os primeiros sorprendidos somos nós mesmos. Por exemplo, parece un lugar común pensar que só nas cidades, ou nas grandes vilas existiu movemento obreiro, especialmente se nos referimos ao século XIX. Na presente colaboración comprobaremos que non ocorría así exactamente, e que tamén aquí se escoitaban as voces liberatrices.



Se xa nos pareceu extraordinario ver como un panadeiro natural de Culleredo, aínda que residente na Coruña, chamado Luís Presedo Pose, se afiliase ao PSOE o 26-9-1893, militando aínda nese partido en 1908, non o foi menos ver como algúns veciños do Burgo fanse suscriptores do semanario anarquista coruñés “*El Corsario*”; así, no número 137 dese xornal, datado o 29-1-1893, aparecen como suscriptores R. S. e M. L.; no número 138, do 5-2-1893, éo un tal B. L., e no número 146, de 2-4-1893, encontramos a R. Sabio –o cal, coidamos, é o que antes aparece como R. S. Pero, xa antes, os anarquistas coruñeses organizan un mitin obreiro no Burgo. A noticia aparece en “*El Corsario*”, no número 124, do domingo 23-10-1892. Di así:

“A los trabajadores de El Burgo y sus cercanías

Salud y emancipación:

Queridos compañeros: Siendo obreros como vosotros los que en este momento os dirigimos nuestra voz, víctimas igualmente de la gran miseria que impera entre la clase desheredada y sujetos por idénticas causas á la infame voluntad de esa bestial burguesía que nos explota y nos degrada de una manera harto escandalosa, no hemos vacilado ni un momento el llamaros la atención para que penseis bien vuestra triste situación y estudiéis el mejor modo de remediarla en un plazo breve. Ninguno de vosotros ignora que para poner término á esta inaguantable situación, se precisa de la ayuda de todos. Pues bien; ante todo debeis tratar de uniros, de asociaros, de estrechar los lazos de solidaridad que deben existir entre todos los seres humanos, de emanciparos en una palabra.



Página 48

¡Animo compañeros y á la asociación! Puesto que así lo reclaman los bárbaros atropellos que de ordinario cometen con nosotros los verdugos que constantemente nos agobian y nos martirizan haciéndonos trabajar *más de lo que nuestras fuerzas nos permiten* para que les produzcamos esas inmensas fortunas que ellos derrochan en goces y en vicios, mientras á nosotros que somos los *verdaderos amos de ellas* puesto que las producimos, nos *pagan* nuestro trabajo con un ínfimo jornal que ni con mucho llega á cubrir nuestras más apremiantes necesidades.

Ahora decidnos compañeros ¿Hemos de seguir consintiendo esto por más tiempo? Nosotros que somos los que hacemos las casas, los vestidos, el calzado, etc., y los que trabajamos las tierras para que produzcan alimentos. ¿Hemos de consentir quedarnos *sin casas* donde guarecernos de las inclemencias del tiempo; *sin trages* con que cubrir nuestras carnes, y *sin alimentos* con que fortificarnos ante las fuerzas perdidas en el rudo é improbo trabajo á que de continuo nos someten

los que así nos roban el producto de nuestro sudor.

Compañeros vuestra causa es la nuestra, el deber os llama, la miseria de vuestros hogares lo exige, el hambre y desnudez de vuestros hijos no lo debeis de consentir por más tiempo.

Animo y á preparaos para que un corto lapso de tiempo, estemos en condiciones de dar á los causantes de nuestro malestar, la batalla decisiva de la cual obtendremos seguramente la victoria si peleamos con fe, con entusiasmo y con energía.

Para tratar de estos y otros asuntos, os invitamos á que asistais al *meeting* que se celebrará en el Burgo hoy domingo 23 á las dos de la tarde, en donde varios compañeros os expondrán las causas de la miseria que nos aqueja, y el remedio más factible que debemos emplear para obtener pronto el bien que anhelamos”.

¿Cómo se desenvoleu o acto? Nun número posterior do semanario, o 128, do domingo 20 de novembro de 1892, temos unha reseña:

“Meeting del Burgo

A pesar de los muchos esfuerzos que para evitar la celebración del meeting hicieron los burgueses y curianas secundados por la guardia-civil este tuvo lugar á la hora anunciada y ante multitud de obreros, que sin temor acudieron al lugar del mismo.

La Comisión de propaganda expuso á los concurrentes los puntos generales de la cuestión social y medios de resolverla aconsejando y mostrando la conveniencia de asociarse formando federaciones, idea que fue acogida con entusiasmo, hallándose dispuestos á prestar su apoyo para su realización.

Del orden huelga hablar pues tratándose de obreros neces-



riamente es perfecto acogiendo sin objeciones los medios para matar el mal de que padece el proletario.

Grandes frutos nos proponemos alcanzar en estos meetings que la Comisión de propaganda continuará llevando á efecto extendiendo hasta lo más reconditos sitios la idea de la Emancipación. “



ÍNDICE



Página 50

**1. DOUS NOIESES NA RÍA DO BURGO:
ANXO SENRA E MANUEL ROMERO**

**2. MULLERES DE CULLEREDO:
AMPARO LÓPEZ JEÁN**

3. RAMON MASEDA REINANTE

**4. IESÚS MEIUTO VÁZQUEZ.
UN MESTRE**

**5. DÚAS ENTIDADES RELACIONADAS
CON CULLEREDO**

**6. SEBASTIANA VITALES:
UNHA MULLER LIBERTARIA**

7. GUMERSINDO PEREIRA NOUCHE

E O CINE NAS MARIÑAS
8. O CINE NAS MARIÑAS

9. ISABEL SUEIRO.
UNHA MULLER LIBRE

10. PEOUENA HOMENAXE A
«MARTINETE»

11. RAMÓN BLANCO REY E O GRUPO DE
TEATRO “MAIOLONGO”

12. MORALISMO ECLESIAL
NO SÉCULO XVIII

13. UN INFORME SECRETO SOBRE
CULLEREDO DE 1935



TRES ARTIGOS INÉDITOS

1. AS ERMIDAS DA
PARROQUIA DE ALMEIRAS

2. ¡¡QUE VENEN OS FRANCESES!!

3. UN MITIN OBREIRO ANARQUISTA
NO BURGO EN 1892



MIRADOIRO
DA RIA
